

## 4. Informacións e correccións de erros

### 4.2. Correccións de erros

**Corrección de erros na publicación, no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 661, do 17 de xuño de 2016, do prego de cláusulas administrativas da contratación administrativa de servizos para a xestión e explotación da cafetería.**

Advertido un erro material na publicación do prego de cláusulas administrativas da contratación administrativa de servizos para a xestión e explotación da cafetería do Parlamento de Galicia, procédese á súa corrección:

Na páxina 153888, onde di:

«Décima. *Horario*

1. O adxudicatario deberá prestar o servizo de cafetería durante os meses de febreiro a xuño e de setembro a decembro, cun horario desde as 8.00 horas ata as 20.00 horas de xeito ininterrompido de luns a venres. Os meses de xaneiro, xullo e agosto o horario estenderase desde as 8.00 horas ata as 16.30 horas.»

Debe dicir:

«Décima. *Horario*

1. O adxudicatario deberá prestar o servizo de cafetería desde o 15 de xaneiro ata o 15 de xullo, e de setembro a decembro, cun horario desde as 8.00 horas ata as 20.00 horas de xeito ininterrompido de luns a venres. Do 1 ao 14 de xaneiro, do 16 ao 31 de xullo e no mes de agosto o horario estenderase desde as 8.00 horas ata as 16.30 horas.»

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2016.

Xosé Antón Sarmiento Méndez  
Letrado oficial maior